

CONVOCATORIA

Asunto: contratación do servizo do PROGRAMA LÚDICO-EDUCATIVO 2015-2019: proposta de cualificación da documentación presentada e convocatoria da Mesa de Contratación

Á vista das proposicións presentadas no prazo outorgado para participar no procedemento de adxudicación do contrato de servizos do PROGRAMA LÚDICO-EDUCATIVO DE APERTURA DE CENTROS EDUCATIVOS PÚBLICOS FORA DO HORARIO LECTIVO no CEIP de Silleda, segundo o expediente aprobado na XGL do 29/07/2015, examinadas as declaracións responsables e o exterior dos sobres que se achegan xunto con elas, ao abeiro do disposto na cláusula 14ª do prego de cláusulas administrativas particulares,

CONVOCO a Mesa de Contratación prevista na cláusula 12ª do prego de cláusulas administrativas particulares aprobado na sesión da XGL do 29/07/2015 para a sesión constitutiva que terá lugar na sala de xuntas do Concello de Silleda, rúa Trasdeza, 55, o día 25 de agosto de 2015 ás 11:00 horas, para tratar dos asuntos comprendidos na seguinte orde do día:

- 1º.- Admisión/exclusión de proposicións.
- 2º.- Apertura dos sobres "B".
- 3º.- Solicitude de informe técnico sobre a ponderación de criterios mediante xuízo de valor.
- 4º.- Convocatoria de Mesa de Contratación para a apertura dos sobres "A" e proposta de clasificación das ofertas.

En relación co primeiro punto, PROPOÑO á Mesa de Contratación admitir as seguintes proposicións:

- Núm. de rexistro de entrada: 3677. Empresa: LiiBéLuLa, SC.
- Núm. de rexistro de entrada: 3690. Empresa: Asociación para o Desenvolvemento Social da Comarca do Deza – ACODE.
- Núm. de rexistro de entrada: 3767. Empresa: Maisescola XXI, actividades deportivas, culturais e de ocio, SC.
- Núm. de rexistro de entrada: 3777. Empresa: Conforocio Consultora, SL.

Silleda, 14 de agosto de 2015
O Alcalde
(P.S. Decreto do 29 de xullo de 2015)




Ana Luísa González Costa